

SEN TEITO NIN LEI

Agnès Varda, 1985

1556

ESTREA EN NUMAX: 21.07.2025 | V.O.S.E. | 105 min

Mona (Sandrine Bonnaire) é unha moza vagabunda atopada morta nun foxo. A súa historia recente seranos contada en flashbacks. Así coñecemos os seus últimos meses de vida, o seu desarraigo social e as súas relacións coa xente que coñeceu.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso a programadora e presentadora das sesións é Lucía Amoedo que nos trasladou o seguinte texto:

«'Sen teito nin lei' é un filme de ficción que relata os últimos meses de vida dunha muller chamada Mona Bergeron. Ela é vagabunda por elección propia: móvese, sobrevive, come o que pode, dorme onde pode. Que nós saibamos, non ten casa, nin familia, nin amigas, nin orixe. Case parece que naceu percorrendo as estradas. Varda fantasea con que quizais vén do mar. Hai un desexo cara ela e a súa historia, por parte da espectadora e tamén de personaxes que a coñecen na obra. Pregúntaste por que nega constantemente a asunción dun teito, dunha lei ou dunha vida tal e como a nós nos ensinaron a entendela. Hai nela unha feminidade grotesca que me gustou atopar.

Con todo, por sinxelo que sexa idealizar a liberdade que aparenta rodear a protagonista, creo que nos queda lonxe ansiar a súa vida. Dicia un profesor que Mona fora exiliada de si mesma. "Ti elixiches a liberdade total e agora tes a soidade total»



A liberdade primeira e última

Por Roger Koza

Talvez a infrecuente lonxevidade de Manoel de Oliveira levounos a sentir que os nosos heroes da modernidade cinematográfica ían estar para sempre connosco. Pero a física e a bioloxía son insubornables. Quen vive, morre. Uns meses atrás, Jonas Mekas pasou ao improbable outro mundo; despois seguírono Carolee Schneemann, Barbara Hammer e Marlen Khutsiev. O venres 29 de marzo de 2019 sumouse a cineasta máis libre de todas: Agnès Varda.

Pensabamos que Varda ía estar por máis tempo, porque a súa vitalidade indesmentible non só se podía constatar en cada unha das súas películas: a propia cineasta transmitía unha forza que a desbordaba. O seu corpo compacto, o seu floco coloreado e o seu sorriso xamais melindroso disimulaban os 90 anos selados no seu organismo. No mes de febreiro chegou a nós un fermoso e didáctico documental de case dúas horas titulado *Varda por Agnès*. As películas de Varda sempre nos acubillaron, mesmo cando un personaxe morría de frío fronte a nós. A soa existencia de *Sen teito nin lei*, ese (im)piadoso filme no que a vagabunda encarnada por Sandrine Bonnaire fica conxelada no campo, abondaría para agradecer eternamente á cineasta.

O imperativo enciclopédico adxudicoulle nestes días alcumes de todo tipo. O máis groseiro catapultouna como “a avoa da Nouvelle Vague francesa”, unha lectura mesquiña e un pouco incorrecta. É certo que un filme como *Cléo de 5 a 7* resultaba moi próximo á estética dos mozos turcos, ao cinema deses críticos de Cahiers du Cinéma que abandonarían paulatinamente o papel e escollerían a cámara como forma preferente de relación co cinema. Pero a sensibilidade de Varda, máis aínda se se observa a súa obra retrospectivamente, ten moito máis que ver co outro grupo mítico de cineastas daquela época, aquel situado alén do río. Os raparigos da Rive Gauche tiñan entre as súas filas á directora nada en Bruxelas. Non foi acaso Varda a compañeira espiritual máis próxima de Chris Marker?

Dúas virtudes sensibles guiaban as películas de Varda e determinaban a súa poética libre: unha curiosidade infinita por todo e unha atención particular polos fenómenos non atendidos polo cinema, a literatura e mesmo as ciencias sociais. Antes de que o feminismo fose un tópico universal, Varda xa fixera *L'opéra-mouffe* e *Réponse de femmes: Notre corps, notre sexe*. E se prestaba atención á Revolución cubana (*Salut les Cubains*) e o fenómeno político dos Panteras negras en Estados Unidos (*Black Panthers*), a súa mirada non se detiña nas obviedades ideolóxicas e na vindicación dunha política emancipatoria. Había que filmar algo máis. Chamémoslle o contracampo, o microscópico desas experiencias colectivas.

Dúas películas inesquecibles glosan a poética e a política de Varda: *Daguerrotipos e Os espigadores e a espigadora*. O que Varda recolle da vida secreta dos seus veciños da rúa na que vivía en París na primeira, ou as derivacións que xorden da atención posta nun home que espiga entre os restos de vexetais e froitas que se abandonan despois dunha xornada nun mercado na segunda, conteñen a totalidade da intuición holística de Varda: o costado extraordinario do mundo palpita nos actos cotiáns, nese espazo descoidado polo gran cinema e así mesmo por parte das institucións da arte que desdeñan calquera indicio da sinxeleza do popular.